

Materia optativa:

COMUNICACIÓN MULTIMEDIA

INTRODUCCIÓN

Durante as últimas décadas, vense producindo na sociedade un profundo proceso de transformación caracterizado pola presenza das tecnoloxías da información e da comunicación na vida cotiá. Estas tecnoloxías empregan todo tipo de medios para crear, almacenar, procesar e transmitir información en tempo e cantidade hai uns anos insospeitados.

O alumnado debe desenvolver competencias que lle permitan manexar ferramentas como cámaras dixitais, escáners, canóns proxectores, ordenadores, aplicacións... e deseñar e producir materiais multimedia co fin de chegar a ser coñecedor das súas linguaxes.

Esta materia ten unha dobre finalidade, por un lado a creación de materiais relacionados coas distintas materias curriculares e por outro que sexa o propio alumno o que a elabore baixo a supervisión do profesorado.

OBXECTIVOS

- **Analizar os dispositivos para identificar os seus elementos e as funcións que realizan.**
- **Utilizar dispositivos para capturar, elaborar, producir e mostrar información.**
- **Integrar a información de calquer tipo obtida de calquera fonte para elaborar os contidos.**
- **Coñecer os dispositivos necesarios e os diferentes formatos para o almacenamento de información.**
- **Coñecer os dispositivos necesarios e as distintas conexións entre eles para unha correcta integración dos mesmos.**
- **Coñecer as distintas posibilidades de mostrar os resultados ao resto da sociedade.**
- **Manexar aplicacións informáticas para buscar, capturar, elaborar, producir e mostrar información.**
- **Traballar de xeito colaborativo no traballo en equipo.**

CONTIDOS

Bloque 1: Comunicación multimedia

- **Contidos e características: selección e descripción.**
- **Identificación de elementos: textos, imaxes, son, animación.**
- **Os multimedia na educación e na vida cotiá.**
- **Os aparatos tecnolóxicos. Características. Funcionamento. Interconexión. Usos. Coidados. Seguridade.**

Bloque 2: Diseño do material multimedia: xerando o contido

- **Plantexamento e anteproxecto.**
- **Formato**
- **Partes da presentación**
- **Colores, simplicidade e intelixibilidade**
- **Tipografía**
- **Cantidade de información.**

Bloque 3: Diseño de presentaciones: Elementos multimedia

- **Medios: Imaxe, Son, Animación e Video.**
- **Imaxe**
 - **Formatos máis utilizados**
 - **Capturadores de imaxes**
- **Sonido**
 - **Formatos máis utilizados**
 - **Capturadores de son**
- **Animación**
 - **Formatos máis utilizados**
 - **Búsqueda e descarga de Recursos no WEB**
- **Video**
 - **Formatos máis utilizados**
 - **Capturadores de video**

Bloque 4: Edición de datos (audio, video e imaxe)

- **Tratamento de audio. Conversores de formatos. Aplicacións informáticas. Selección de fragmentos. Edición e montaxe.**
- **Tratamento de video. Conversores de formatos. Aplicacións informáticas. Selección de fragmentos. Obtención de imaxes. Edición e montaxe**
- **Tratamento de imaxes. Conversores de formatos. Aplicacións informáticas. Retoque, tamaño, acondicionamento.**

Bloque 5: Creación de material multimedia (videos, imaxes, presentacións)

- **Fases na elaboración de materiais didácticos. Material necesario. Recursos.**
- **Creación de presentacións.**
- **Creación de videos.**
- **Creación de páxinas web.**

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1.- Identificar prototipos dos multimedia na vida cotiá, particularmente no campo educativo.

Con este criterio preténdese comprobar que o alumnado e quen de recoñecer contidos multimedia, clasificalos, analizalos e diferenciar os seus elementos e contribución de cada un á mensaxe global.

2.- Recoñecer os distintos aparatos tecnolóxicos e as súas características.

Valórase a capacidade dos alumnos para identificar os distintos aparatos tecnolóxicos e a súa función para capturar datos.

3.- Manexar os distintos aparatos tecnolóxicos.

Valórase a capacidade dos alumnos para manexar os aparatos tecnolóxicos prestando especial atención ao seu uso. Terase en conta o bo manexo e o coidado dos aparatos.

4.- Obter imaxes fixas ou móbiles así como sons.

Valórase a capacidade de diferenciar entre os distintos formatos de datos á hora de elaborar proxectos. Especial fincapé na fotografía dixital na que os alumnos deben ter en conta as características tales como a resolución, o encadre...

5.- Editar e montar de imaxes, sons e videos.

Valórase a capacidade de utilizar aparatos tecnolóxicos (gravadores de video, dvd, audio, ordenadores) para obter sons, musica e videos para unha posterior utilización.

6.- Elaborar recursos didácticos (presentacións, videos...)

Valórase a capacidade de seleccionar, ordenar... imaxes, sons, videos... para a realización de recursos didácticos multimedia.

7.- Diseñar e elaborar presentacións destinadas a apoiar o discurso verbal na exposición de ideas e proxectos.